



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 27 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:00 horas do día 27 de xullo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 22-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Oscar Couce (asiste os puntos 1.b, 1.d, 2.a e 3.a)
D. Luis García (asiste o punto 8.a)
D. Benjamin Collazo Rodríguez (asiste o punto 1.d)
Dna. María José Loureiro Bada (asiste o punto 1.d)

Secretaria: Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 14.06.2016**

Se retira da orde do día po falta de quorum para a súa aprobación.

b) **Acta da sesión do 18.07.2016**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes á presente sesión, con excepción do Sr. Presidente, que se abstén por non ter asistido á mesma, a acta da sesión desta Mesa celebrada o día 18 de xullo de 2016.

c) **Acta da sesión do 20.07.2016**

Se retira da orde do día po falta de quorum para a súa aprobación e para facer correccións.

d) **Acta da sesión do 22.07.2016**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes á presente sesión, con excepción do Sr. Presidente e a Sra. Alfayate, que se absteñen por non ter asistido á mesma, a acta da sesión desta Mesa celebrada o día 22 de xullo de 2016.

2.- Apertura documentación persoal

a) **Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)**

Durante o prazo de emenda da documentación persoal, achegan documentación as empresas ILUNION SEGURIDAD, S.A., SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L., COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, S.A., GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A., ASTRA SISTEMAS, S.A., SEGURIDAD, S.A. e GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.

ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., non achegou a documentación en prazo se ben comunicou por fax o Rexistro Xeral, dentro do prazo de emenda, o envío da documentación por correo certificado.

Tras a cualificación da documentación presentada, a Mesa, acorda por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento as mercantís ILUNION SEGURIDAD, S.A., SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L., COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, S.A., GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A., ASTRA SISTEMAS, S.A., SEGURIDAD, S.A. e GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., por ter emendado a documentación persoal e ser esta conforme ó esixido no artigo 8 do PCAP que rexe o presente procedemento.
2. Pospoñer a cualificación da documentación persoal á espera de recibir a documentación de ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.

b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)**

Durante o prazo de emenda da documentación administrativa, a UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. e SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., achegan o compromiso ao que se refire o artigo 59.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público - TRLCSP, de compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. Indican, así mesmo, a participación de cada unha das citadas mercantís no capital da futura UTE: 70% INGESER e 30% SOGESEL. Co compromiso achegan unha declaración responsable de cada unha das empresas na que manifiestan reunir os requisitos para ser admitidas neste procedemento. En consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento á UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. e SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

3.- Apertura de documentación económica

a) **Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Este punto retírase da orde do día, por canto non se recibiu a documentación enviada durante o prazo de emenda por un dos licitadores.

b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)**

En acto público, procedese a apertura do sobre C "Criterios avaliábles mediante fórmula do procedemento de referencia, co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Ampliación n° frecuencias mantemento do servizo zonas delimitadas como tipoloxía A	Ampliación n° frecuencias mantemento do servizo zonas delimitadas como tipoloxía B
VIVEROS ADOA, SL	205.182,59	48	30
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	192.140	468	520
INGESER ATLANTICA, SL	220.754,29	312	1040
ELSAMEX, SA	229.658	312	520
SIFU, SL	153.986,69	322	260
ALVAC, SA	236.600	50	20
CALFENSA PROYECTOS, SL	215.982	130	80
ALTHENIA, SL	203.891,99	312	780

O licitador ALVAC, S.A., non presenta o orzamento desglosado do servizo.

A mesa, por unanimidade acorda:

1. Dar traslado das ofertas ao servizo xestor para informe.
2. Conceder un prazo de tres días, contados a partir do día seguinte ao requirimento, a ALVAC, S.A., para achegar o orzamento desglosado do servizo esixido no apartado 7.B da FEC, conforme ó previsto na cláusula 13.5.C do PCAP, advertíndolle de que a non presentación do mesmo no prazo



concedido ao efecto será causa de exclusión do procedemento, a vista do disposto na cláusula 14.5 en relación coas cláusulas 14.2 e 13.5.C do PCAP.

Asisten o acto:

- D. Juan Carlos Vilariño, en representación de CALFENSA.
- D. Jesús Pereira Rodríguez, en representación de VIVEIROS ADOA.
- D. Jaime Gora Torres, en representación de SIFU.

4.- Apertura reformulación de oferta nos procedementos negociados

- a) **Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo para o mantemento e asistencia das aplicacións externas (Xestión de RRHH e Nóminas)**

Procedese a apertura da reformulación da súa oferta pola mercantil TC-Systems ITC Ibérica, S.A.U., co seguinte resultado:

Licitador	Prezo da prestación de mantemento do software	Prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico	Bolsa de horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello
TC-Systems ITC Ibérica, SAU	40.960,92 €	98,31€	8 horas de asistencia en remoto

A Mesa, por unanimidade, acorda dar traslado da oferta para informe ó responsable do contrato.

5.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) (informe sobre C)**

Entregase o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de data 22 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA".

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) (informe sobre C)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de data 22 de xullo de 2016, de valoración do “SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA”.

7.- Proposta de clasificación

a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de 20 de xullo de 2016 de “Excluír a VIVEROS O PIÑEIRO, SL do procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo recollido no apartado 7B do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, tal e como esixen o artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e a cláusula 13.5 C do referido prego”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresa	Puntos
1. Jesus Gutierrez.Sierra	100
2. Perica Obras y Servicios, S.A.	88,71
3. Calfensa Proyectos, S.L	86,24
4. Centro Xardinería Carballeira S.L	68,76
5. Arboles de Noroeste,S.L	36,34

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESUS GUTIERREZ.SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 661,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

8.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (16026-541)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos bancarios para a colaboración integral na recadación dos ingresos Patrimoniais e de Dereito Público do Concello de Vigo e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:

1.- ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.. para que presente, no prazo de dez días



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva por importe de 6.000 euros de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro: Requirit ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación"

Cuarto: .Aceptar a condición de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:

- *BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.*
- *BANCO PASTOR, SAU.*
- *BANCO SANTANDER, S.A.*
- *BANCO DE SABADELL, SA*

Terceiro.- En data 12 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., que presenta a documentación requirida en data 18 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto. Se ben, dado que a declaración do cumprimento do ratio "core capital" acordado por Basilea III (cet1 en base ás súas contas anuais do ano 2015 non se presentou asinada e que faltaba a designación de delegado coas funcións da cláusula 26.8 do PCAP, a Mesa, na sesión de 20 de xullo concedeulle un prazo de emenda de tres días.

En data 22 de xullo o licitador presenta no Rexistro Xeral a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de xullo, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., tal e como desprendese do informe de valoración da oferta técnica e económica, do Tesoureiro de datas 15 de xuño de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (16026-541) por un prazo de 4 anos, para prestar os servizos de colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional coas seguintes condicións:

1. ***Propón un canon polo uso privativo da oficina institucional de 15.000 euros/ano.***
2. ***Propón unha contía anual de 100.000 euros destinada á emisión de recibos, ensobrado e a súa notificación.***
3. ***Oferta unha retribución para as contas a prazo fixo que o concello apertura durante a vixencia do contrato de 15 puntos básicos por enriba do coste de financiamento do Estado a 12 meses (prazo das IPF-12 meses).***
4. ***Que dispón de 55 sucursais ou oficinas operativas no ámbito territorial do concello de Vigo.***
5. ***Que dispón de 56 caixeiros automáticos de última xeración no ámbito territorial do Concello de Vigo.***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

6. **Oferta unha retribución para as contas operativas de 20 puntos básicos por enriba do coste de financiamento do Estado a tres meses, sen custes de cancelación anticipada, en condicións de liquidez e seguridade (prazo de tres meses).**
7. **Propón unha contía anual de 35.000 euros para o cofinanciamento da campaña de publicidade anual para fomentar a domiciliación de recibos.**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:10 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Santos Héctor Rodríguez

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 22:02	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64B-5DD8A3-828F3H-URSAVS-AF5SQA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		